



# AGORA

Vol. 21, Núm. 1, 2002 • ISSN 0211-6642

SEPARATA

2003

Servicio de Publicacións e Intercambio Científico  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

## NOTICIAS

### EN MEMORIA DE JOHN RAWLS

O pasado 23 de novembro finaba, ós 81 anos, o filósofo moral e político John Rawls. Profesor da Universidade de Harvard dende 1962, acadou en 1979 o posto de “University Professor”, e onde desempeñará un intenso labor docente e investigador, impulsando decisivamente a filosofía moral e política. Os seus primeiros artigos publicados datan do ano 1951: “Outline of A Decision Procedure for Ethics”, e en 1958 baixo o título “Justice as Fairness” presentará o que logo se converte na tese fundamental da súa teoría da xustiza. O que ninguén pon hoxe en dúbida é que a publicación de *A Theory of Justice* en 1971 transformou o panorama da filosofía moral e política anglosaxona e determinou o debate neste campo no último cuarto do século XX, conseguindo ser punto de referencia para os filósofos do dereito e tamén para os científicos sociais, polo que era xa considerado un clásico en vida.

A máis do enorme impacto de *A Theory of Justice* e de *Political Liberalism*, compre suliñar o seu labor como profesor en Harvard ata 1991, onde exerceu unha fonda influencia en moitas xeracións de estudantes, amosando o seu gran coñecemento e a súa forma de entender a historia da filosofía moral.

A recepción da obra de Rawls en España -fronte ó que aconteceu en Francia ou en Portugal que vai ser moi tardía- foi bastante inmediata e importante, a tradución da súa obra é de 1979. A mediados dos oitenta presentanse as primeiras teses de doutoramento, publicanse numerosos artigos e os primeiros libros sobre a súa concepción ético-política, e a partir de aquí a literatura sobre Rawls non cesa de ir en aumento ata hoxe. Así mesmo traduciránse en 1996 *Political Liberalism* (1993), a súa segunda grande obra, no 2001 *The Law of Peoples* (1999) e *Lectures on the History of Moral Philosophy* (2000), e no 2002 *Justice as Fairness*, Ed. By Erin Kellin (2001). Nos *Collected Papers* editados por Samuel Freeman (1999) achamos recopilados os seus numerosos e importantes artigos e confiamos en que axiña os atopemos traducidos, dalgúns deles dispoñemos da versión española en *Justicia como equidad. Materiales para una teoría de la justicia* (1986). Así pois Rawls deixou unha forte pegada na filosofía moral e política española.

M<sup>a</sup> X. A.